

## 1.5. Poboación

A PESAR DUNHA MEDRA SUPERIOR AOS 10.500 HABITANTES AO LONGO DO ANO 2007, GALICIA CONTINUOU CO PREOCUPANTE E PAULATINO DESCENSO DO PESO RELATIVO DA SÚA POBOACIÓN NO TOTAL ESPAÑOL, QUE PASA DO 6,13% SEGUNDO OS DATOS A UN DE XANEIRO DE 2007 AO 6,04% DA MESMA DATA DE 2008. O NÚMERO DE PERSOAS EMPADROADAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA A PRINCIPIOS DE ANO ERA DE 2.783.100, UN 0,4% MÁIS QUE NO ANO ANTERIOR.

Este incremento de habitantes ven explicado na súa totalidade polo aumento da poboación estranxeira. Mentres que a poboación empadroada medrou en 10.567 persoas, a poboación estranxeira se incrementou en 13.680 persoas. Con todo, a poboación foránea representa soamente o 3,4% da poboación total galega, sendo esta porcentaxe case oito puntos porcentuais inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa da poboación estranxeira en Galicia no conxunto do Estado foi do 1,8% (95.122 persoas).

Outro aspecto a destacar é a persistencia de fortes movementos migratorios, que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. No último ano medrou o saldo migratorio positivo para Galicia (17.601 migracións), resultado do saldo positivo co estranxeiro e, a diferenza do acontecido en 2005, dun saldo negativo co resto das comunidades autónomas españolas.

No que ás migracións internas se refire, aproximadamente oito de cada dez variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense dentro da mesma provincia. Canarias, Madrid e Cataluña son os principais destinos e saídas dos fluxos migratorios co resto do Estado. As tres comunidades acollen, en conxunto, en torno á metade destas emigracións e inmigracións galegas. Galicia é a terceira comunidade autónoma, tras Madrid e Cataluña, que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 15,8% do total, mentres que a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2,1%.

## Poboación de dereito nas CC.AA. A 1 de xaneiro de 2007 e 2008

	Revisión padronal a 1/1/2007			Revisión padronal a 1/1/2008			08/07				
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
	(número)	(número)	(número)	(%)	(número)	(número)	(número)	(%)	(número)	(número)	(número)
Andalucía	8.059.461	3.999.243	4.060.218	92,0	8.177.805	4.059.066	4.118.739	93,4	118.344	59.823	58.521
Aragón	1.296.655	646.996	649.659	27,2	1.325.272	663.524	661.748	27,8	28.617	16.528	12.089
Asturias	1.074.862	515.292	559.570	101,4	1.079.215	517.861	561.354	101,8	4.353	2.569	1.784
Baleares	1.030.650	517.593	513.057	206,5	1.071.221	539.519	531.702	214,6	40.571	21.926	18.645
Canarias	2.025.951	1.015.493	1.010.458	272,0	2.070.465	1.037.274	1.033.191	278,0	44.514	21.781	22.733
Cantabria	572.824	280.283	292.541	107,7	581.215	284.997	296.218	109,2	8.391	4.714	3.677
Castela e León	2.528.417	1.251.082	1.277.335	26,8	2.553.301	1.267.249	1.286.052	27,1	24.884	16.167	8.717
Castela-A Mancha	1.977.304	995.688	981.636	24,9	2.038.956	1.030.846	1.008.110	25,7	61.652	35.178	26.474
Cataluña	7.210.508	3.578.176	3.632.332	224,5	7.354.441	3.655.924	3.698.517	229,0	143.933	77.748	66.185
C. Valenciana	4.885.029	2.432.162	2.452.867	210,1	5.016.348	2.501.309	2.515.039	215,7	131.319	69.147	62.172
Extremadura	1.089.990	541.682	548.298	26,2	1.095.894	545.340	550.554	26,3	5.904	3.648	2.256
Galicia	2.772.533	1.337.159	1.435.374	93,7	2.783.100	1.343.737	1.439.363	94,1	10.967	6.578	3.989
A Coruña	1.132.792	544.352	588.440	142,5	1.138.474	547.696	590.778	143,2	5.682	3.344	2.338
Lugo	355.176	172.422	182.754	48,8	355.406	172.848	182.558	48,9	230	426	196
Ourense	336.926	162.026	174.900	34,2	336.002	161.813	174.189	34,1	-924	213	-711
Pontevedra	947.639	458.280	489.280	210,8	953.218	461.380	491.838	212,1	5.579	3.021	2.558
Madrid	6.081.689	2.943.778	3.137.911	751,0	6.251.876	3.030.521	3.221.355	772,0	170.187	86.743	83.444
Murcia	1.392.117	706.326	685.791	123,0	1.424.063	721.810	702.253	125,9	31.946	15.484	16.462
Navarra	605.876	302.330	303.546	58,3	619.114	309.672	309.442	59,6	13.238	7.342	5.896
País Vasco	2.141.860	1.046.795	1.095.065	296,0	2.155.546	1.054.302	1.101.244	297,9	13.686	7.507	6.179
A Ríoxa	308.968	155.773	153.195	61,2	317.020	160.093	156.927	62,8	8.052	4.320	3.732
Ceuta	76.603	38.913	37.690	4.031,7	77.320	39.341	37.979	4.069,5	717	428	289
Melilla	69.440	35.208	34.232	5.341,5	71.339	36.276	35.063	5.487,6	1.899	1.068	831
<b>Total</b>	<b>45.200.737</b>	<b>22.339.962</b>	<b>22.860.775</b>	<b>89,3</b>	<b>46.063.511</b>	<b>22.798.661</b>	<b>23.264.850</b>	<b>91,0</b>	<b>862.774</b>	<b>458.699</b>	<b>404.075</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>6,13</b>	<b>5,99</b>	<b>6,28</b>		<b>6,04</b>	<b>5,89</b>	<b>6,19</b>		<b>1,9</b>	<b>2,1</b>	<b>1,8</b>

Fonte: INE. Revisión del Padrón Municipal de Habitantes

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.**
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

### Estrutura e distribución da poboación

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2008 medrou un 0,4% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.783.100 habitantes (10.567 persoas máis que en xaneiro de 2007). Tendo en conta que a poboación empadroada no conxunto do Estado medrou un 1,9%, o peso relativo da poboación galega no total estatal volveu a descender ao longo do último ano, representando o 6,04% en xaneiro de 2008, fronte ao 6,13% do ano anterior.

A devandita caída rexistrouse tanto no caso dos galegos como das galegas. A un de xaneiro de 2008, Galicia acollía o 5,89% dos homes e o 6,19% das españolas, cando no mesmo período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 5,99% e 6,28%, respectivamente.

Ao igual que acontecera nos últimos anos, rexístrase unha lixeira medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Despois do aumento da poboación residente nestas dúas provincias (5.682 e 5.579 persoas, respectivamente) e o descenso da mesma en Ourense, con 924 habitantes menos (Lugo rexistra unha medra de 230 persoas empadroadas), o 75,2% da poboación galega reside en municipios de A Coruña e Pontevedra.

Os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2007 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental–costa residían 1.953.344 habitantes (8.235 persoas máis que no ano anterior), o que representa o 70,5% da poboación galega. Pola contra, e a pesar da medra da poboación estranxeira, volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (3.226 persoas menos), acadando os 819.189 habitantes segundo os datos do Padrón de 2007.

Das trece comarcas galegas nas que medra a poboación, **cadro 1.5.2.**, tres pertencen á denominada Galicia interior: as comarcas de Lugo, Ordes (A Coruña) e O Condado (Pontevedra). Das outras dez comarcas, catro pertencen á provincia de Pontevedra (O Baixo Miño, Pontevedra, O Salnés e Vigo); outras catro, á de A Coruña (Barbanza, Betanzos, A Coruña e Santiago); e dúas, á provincia de Lugo (A Mariña Central e Occidental).

Se por núcleo urbano se entende todo aquel municipio con máis de dez mil habitantes empadroados, nos 56 concellos galegos considerados como tais residen máis de dúas terceiras partes da poboación galega (1.876.704 persoas). Fronte ao incremento da poboación nestes concellos, 9.299 habitantes máis, a Galicia rural segue a perder poboación, acollendo no derradeiro ano un total de 895.829 persoas, 4.290 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Nas provincias de Ourense e Lugo os habitantes nos núcleos urbanos representan o 47,2% e 44,4% dos habitantes nesas provincias, respectivamente

Ao igual que o acontecido no ano anterior, e por mor da influencia do aumento da poboación estranxeira (4.296 estranxeiros máis), o número de persoas residentes nos sete grandes núcleos urbanos medrou lixeiramente entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2007, a poboación empadroada nestes concellos ascendeu a 989.294 persoas, o 35,7% da poboación galega, rexistrándose un incremento de 1.179 habitantes.

Destas grandes cidades de Galicia, Ferrol e Ourense continúan rexistrando unha caída da súa poboación, cunha redución de 1.218 e 951 habitantes entre o 1 de xaneiro de 2006 e 2007. Pola contra, os incrementos máis acusados déronse en Vigo e A Coruña, con 1.517 e 1.068 habitantes máis, respectivamente (**cadro 1.5.4.**).

#### ● Poboación estranxeira empadroada

O último ano presentou un forte crecemento do número de estranxeiros empadroados en Galicia, que se sitúa nos 95.155 habitantes, o 3,4% da poboación galega empadro-

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Poboación de dereito en Galicia 2006-07: distribución segundo comarcas

Comarcas	Revisión do Padrón a 1/1/06			Revisión do Padrón a 1/1/07			07/06	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)	(total)
<b>A Coruña</b>	1.129.141	542.260	586.881	1.132.792	544.352	588.440	0,3	3.651
Arzúa	18.275	9.034	9.241	18.084	8.938	9.146	-1,0	-191
Barbanza	66.854	32.643	34.211	67.205	32.844	34.361	0,5	351
A Barcala	11.133	5.337	5.796	11.126	5.333	5.793	-0,1	-7
Bergantiños	70.213	34.334	35.879	69.960	34.262	35.698	-0,4	-253
Betanzos	39.182	19.079	20.103	39.261	19.218	20.043	0,2	79
A Coruña	380.987	181.027	199.960	384.616	182.754	201.862	1,0	3.629
Eume	27.560	13.600	13.960	27.309	13.491	13.818	-0,9	-251
Ferrol	163.477	78.053	85.424	162.929	77.926	85.003	-0,3	-548
Fisterra	24.126	11.787	12.339	23.966	11.722	12.244	-0,7	-160
Muros	15.111	7.303	7.808	14.948	7.213	7.735	-1,1	-163
Noia	36.276	17.481	18.795	36.144	17.430	18.714	-0,4	-132
Ordes	38.351	18.788	19.563	38.412	18.814	19.598	0,2	61
Ortegal	15.337	7.413	7.924	15.218	7.351	7.867	-0,8	-119
Santiago	154.855	73.558	81.297	156.833	74.475	82.358	1,3	1.978
O Sar	17.208	8.237	8.971	17.117	8.201	8.916	-0,5	-91
Terra de Melide	13.821	6.877	6.944	13.709	6.852	6.857	-0,8	-112
Terra de Soneira	20.399	9.994	10.405	20.188	9.904	10.284	-1,0	-211
Xallas	15.976	7.715	8.261	15.767	7.624	8.143	-1,3	-209
<b>Lugo</b>	356.595	172.967	183.628	355.176	172.422	182.754	-0,4	-1.419
Os Ancares	12.818	6.691	6.127	12.483	6.524	5.959	-2,6	-335
Chantada	15.792	7.670	8.122	15.573	7.548	8.025	-1,4	-219
A Fonsagrada	6.753	3.542	3.211	6.628	3.461	3.167	-1,9	-125
Lugo	116.840	55.458	61.382	117.389	55.721	61.668	0,5	549
A Mariña Central	30.357	14.798	15.559	30.421	14.859	15.562	0,2	64
A Mariña Occidental	27.428	13.367	14.061	27.443	13.402	14.041	0,1	15
A Mariña Oriental	17.405	8.297	9.108	17.372	8.287	9.085	-0,2	-33
Meira	6.124	3.018	3.106	6.032	2.973	3.059	-1,5	-92
Quiroga	6.590	3.211	3.379	6.441	3.152	3.289	-2,3	-149
Sarria	25.406	12.580	12.826	25.279	12.524	12.755	-0,5	-127
Terra Chá	46.340	22.790	23.550	45.939	22.625	23.314	-0,9	-401
Terra de Lemos	34.270	16.403	17.867	33.839	16.260	17.579	-1,3	-431
A Ulloa	10.472	5.142	5.330	10.337	5.086	5.251	-1,3	-135
<b>Ourense</b>	338.671	162.785	175.886	336.926	162.026	174.900	-0,5	-1.745
Allariz-Maceda	15.031	7.351	7.680	15.015	7.336	7.679	-0,1	-16
Baixa Limia	9.051	4.329	4.722	9.014	4.319	4.695	-0,4	-37
O Carballiño	29.874	14.172	15.702	29.759	14.142	15.617	-0,4	-115
A Limia	24.172	11.901	12.271	23.918	11.753	12.165	-1,1	-254
Ourense	144.817	68.482	76.335	144.236	68.165	76.071	-0,4	-581
O Ribeiro	19.801	9.413	10.388	19.655	9.363	10.292	-0,7	-146
Terra de Caldelas	4.102	2.057	2.045	4.029	2.005	2.024	-1,8	-73
Terra de Celanova	21.700	10.344	11.356	21.636	10.343	11.293	-0,3	-64
Terra de Trives	5.374	2.725	2.649	5.218	2.646	2.572	-2,9	-156
Valdeorras	28.852	14.240	14.612	28.740	14.197	14.543	-0,4	-112
Verín	28.672	14.096	14.576	28.548	14.093	14.455	-0,4	-124
Viana	7.225	3.675	3.550	7.158	3.664	3.494	-0,9	-67
<b>Pontevedra</b>	943.117	455.785	487.332	947.639	458.359	489.280	0,5	4.522
O Baixo Miño	48.923	23.900	25.023	49.516	24.218	25.298	1,2	593
Caldas	35.163	16.911	18.252	35.108	16.901	18.207	-0,2	-55
O Condado	41.065	20.043	21.022	41.714	20.431	21.283	1,6	649
Deza	45.031	21.972	23.059	44.870	21.957	22.913	-0,4	-161
O Morrazo	82.361	40.867	41.494	82.314	40.802	41.512	-0,1	-47
A Paradanta	16.948	8.168	8.780	16.796	8.103	8.693	-0,9	-152
Pontevedra	121.004	57.906	63.098	121.275	58.110	63.165	0,2	271
O Salnés	108.685	52.795	55.890	109.283	53.138	56.145	0,6	598
Tabeirós-Terra de Montes	28.848	13.578	15.270	28.738	13.550	15.188	-0,4	-110
Vigo	415.089	199.645	215.444	418.025	201.149	216.876	0,7	2.936
<b>Galicia</b>	2.767.524	1.333.797	1.433.727	2.772.533	1.337.159	1.435.374	0,2	5.009

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

## 1.5.2.

## Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2006-07

	2006		2007		07/06		Concellos >10.000 habs.
	(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)		
<b>A Coruña</b>	783.496	69,4	788.833	69,6	5.337	0,7	22
<b>Lugo</b>	157.245	44,1	157.650	44,4	405	0,3	5
<b>Ourense</b>	159.596	47,1	158.980	47,2	-616	-0,4	5
<b>Pontevedra</b>	767.068	81,3	771.241	81,4	4.173	0,5	24
<b>Total</b>	1.867.405	67,5	1.876.704	67,7	9.299	0,5	56

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón Municipal de Habitantes

## 1.5.3.

**Poboación das sete grandes cidades 2005-07**

	Revisión do Padrón a 1/1/05	Revisión do Padrón a 1/1/06	Revisión do Padrón a 1/1/07	07/06	
				(%)	(total)
Vigo	293.725	293.255	294.772	0,5	1.517
A Coruña	243.349	243.320	244.388	0,4	1.068
Ourense	108.358	108.137	107.186	-0,9	-951
Santiago	92.919	93.458	93.712	0,3	254
Lugo	92.271	93.450	93.853	0,4	403
Pontevedra	79.372	80.096	80.202	0,1	106
Ferrol	77.155	76.399	75.181	-1,6	-1.218
<b>Total</b>	<b>987.149</b>	<b>988.115</b>	<b>989.294</b>	<b>0,1</b>	<b>1.179</b>
<b>Total / total C.A. (%)</b>	<b>35,9</b>	<b>35,8</b>	<b>35,7</b>		

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

**1.5.4.**

**Poboación estranxeira residente e poboación total en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2008**

	Estranxeiros (1)			Poboación total (2)			(1) / (2) (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
<b>España</b>	<b>5.220.577</b>	<b>2.777.003</b>	<b>2.443.574</b>	<b>46.063.511</b>	<b>22.798.661</b>	<b>23.264.850</b>	<b>11,3</b>
<b>Galicia</b>	<b>95.122</b>	<b>47.618</b>	<b>47.504</b>	<b>2.783.100</b>	<b>1.343.737</b>	<b>1.439.363</b>	<b>3,4</b>
A Coruña	33.432	16.077	17.355	1.138.474	547.696	590.778	2,9
Lugo	11.504	5.993	5.511	355.406	172.848	182.558	3,2
Ourense	13.989	7.017	6.972	336.002	161.813	174.189	4,2
Pontevedra	36.197	18.531	17.666	953.218	461.380	491.838	3,8
				(%)			
Galicia / España	1,8	1,7	1,9	6,0	5,9	6,2	
A Coruña / Galicia	35,1	33,8	36,5	40,9	40,8	41,0	
Lugo / Galicia	12,1	12,6	11,6	12,8	12,9	12,7	
Ourense / Galicia	14,7	14,7	14,7	12,1	12,0	12,1	
Pontevedra / Galicia	38,1	38,9	37,2	34,3	34,3	34,2	

Fonte: INE

**1.5.5.**

ada o 1 de xaneiro de 2008 (no conxunto do Estado representa o 11,3%). Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medra en Galicia en 13.680 persoas, polo que o incremento da poboación galega entre o un de xaneiro de 2007 e 2008 ven explicado pola medra da poboación foránea (a poboación total en Galicia incrementouse en 10.567 persoas). En termos relativos, a poboación estranxeira medra un 16,8% respecto aos datos do Padrón do ano 2007, sendo esta medra superior ao 20% no caso das mulleres (7.986 mulleres máis) e do 13,6% no dos homes (5.694 varóns máis). O **cadro 1.5.5.** indica que Galicia acolle o 1,8% dos estranxeiros empadroados en España, mentres que a poboación galega representa o 6% da poboación española.

Pontevedra segue sendo a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 36.197 persoas, seguida de A Coruña, cun total de 33.432 estranxeiros. Dos datos dos padróns municipais de habitantes a 1 de xaneiro de 2007 e 2008, cómpre salientar a forte taxa de crecemento da poboación estranxeira en Lugo, cun incremento do 26,7%. En termos absolutos, os maiores incrementos rexistráronse en A Coruña e Pontevedra, con 5.295 e 4.392 persoas máis, respectivamente.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroada, o 4,2% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 3,8% en Pontevedra, do 3,2% en Lugo e 2,9% en A Coruña. A pesar do seu crecemento, Lugo segue sendo a provincia co menor número de estranxeiros empadroados, con 11.504 persoas (2.408 máis que o primeiro de xaneiro de 2007).

Case a quinta parte dos estranxeiros empadroados en Galicia son de nacionalidade portuguesa, representando en torno ao 11% aqueles procedentes de Brasil e case un 9% os

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.**
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

de Colombia. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia representan o 14,6% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 11,6% no caso da comunidade cabo verdiana, do 9,1% no das persoas procedentes de Brasil e do 8,6% no caso das persoas de nacionalidade uruguaia.

De xeito similar á distribución da poboación galega, case tres cuartas partes dos estranxeiros empadroados o están nas provincias de Pontevedra e A Coruña (73,2% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, xa que o 43% dos estranxeiros empadroados nesa provincia proveñen de Portugal.

### Movemento natural da poboación

O número medio de fillos por muller en Galicia situouse no último ano en 1,05, lonxe da media a nivel estatal que ascende a 1,39. Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, con 1,13 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 1,05 fillos por muller. Ao igual que o acontecido nos últimos anos, a idade media á maternidade en Galicia (31,4 anos) situouse por riba da media estatal (30,9 anos).

A pesar de que a taxa da natalidade en Galicia volve a medrar en 2007, situándose nos 8,01 nacementos por cada 1.000 habitantes (7,86 nacementos do ano anterior), esta se mantén moi por baixo da media española, que é de 10,95 nacementos por cada mil habitantes. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia segue presentando un índice tan só superior ao rexistrado en Asturias (7,43).

En termos absolutos, **cadro 1.5.8.**, naceron en Galicia un total de 21.845 nenos (453 nacementos máis que no ano anterior) o que representan o 4,5% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 9.091 e 8.507 nacementos, respectivamente, acollendo en conxunto o 80,6% do total galego.

A taxa de mortalidade situouse no conxunto de Galicia nas 11,05 defuncións por cada mil habitantes (10,80 no ano anterior), moi por riba das 8,57 defuncións por cada mil habitantes do conxunto do Estado (8,43 defuncións en 2006). Un ano máis, Galicia sitúase como a segunda comunidade autónoma coa ratio máis elevada, tan só superada por Asturias, con 11,89 falecementos por cada habitantes

Xunto a este comportamento da taxa de mortalidade, cómpre salientar a medra da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 1.5.9.**, que pasa dos 3,41 falecementos por cada 1.000 nacementos a un de xaneiro de 2007 (3,53 falecementos no conxunto do Estado) aos 3,94 do 2008 (3,67 en España). Asemade, destaca o forte descenso rexistrado en Pontevedra, que acada unha taxa de 1,65 mortes por cada mil nacementos. Pola contra, A Coruña, tras unha medra de máis de dous puntos, presenta un índice de 5,94 falecementos, por diante de Lugo, con 4,59 falecementos por cada mil nacementos.

No ano 2007 producíronse en Galicia un total de 30.163 defuncións, 774 máis que no ano anterior, representando o 7,9% do total de defuncións habidas en España no último ano. Os datos recollidos no devandito **cadro 1.5.8.** amosan que este incremento se produce tan só na provincia de A Coruña, descendendo lixeiramente nas outras tres provincias galegas. Tras esta evolución, A Coruña rexistrou un total de 12.484 falecementos, seguida de Pontevedra con 8.378 mortes, e Lugo e Ourense, con 4.698 e 4.603 defuncións, respectivamente.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo. Mentres que no conxunto do Estado o saldo é positivo (106.741), Galicia presenta un valor negativo superior ao rexistrado no ano anterior (-8.318). En 2006 o saldo vexetativo é negativo en tres das catro provincias, mentres que Pontevedra acada un saldo positivo de 129.

Ao longo do ano 2006 (último dato dispoñible) mantense practicamente constante o número de interrupcións voluntarias de embarazo, que se sitúa 4,40 interrupcións por

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2003-07

	2003	2004	2005	2006	2007 (1)
<b>Galicia</b>	1,00	1,00	1,02	1,03	1,05
A Coruña	0,98	1,00	1,02	1,04	1,05
Lugo	0,87	0,85	0,89	0,88	0,95
Ourense	0,92	0,86	0,87	0,93	0,94
Pontevedra	1,09	1,10	1,11	1,11	1,13
<b>España</b>	1,31	1,33	1,35	1,38	1,39

(1) datos provisionais  
Fonte: INE, Indicadores demográficos básicos

1.5.6.

Taxas (1) de nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2006-07 (2)

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Andalucía	5,24	5,24	12,14	12,07	7,95	8,20
Aragón	4,34	4,32	9,70	10,05	10,26	10,27
Asturias	4,55	5,03	7,18	7,43	11,67	11,89
Baleares	4,27	4,08	11,70	11,42	7,26	7,50
Canarias	3,45	3,27	10,48	9,74	6,43	6,61
Cantabria	5,04	5,50	9,33	9,32	9,73	10,10
Castela e León	3,87	4,74	7,97	8,06	10,54	10,77
Castela - A Mancha	4,63	5,25	10,68	10,24	9,05	9,02
Cataluña	4,42	4,14	11,76	11,71	8,27	8,45
C. Valenciana	4,88	4,56	11,24	11,31	8,22	8,44
Extremadura	4,36	4,99	9,43	9,46	9,66	9,76
<b>Galicia</b>	<b>4,07</b>	<b>4,35</b>	<b>7,86</b>	<b>8,01</b>	<b>10,80</b>	<b>11,05</b>
Madrid	4,62	3,72	12,01	12,19	6,66	6,83
Murcia	4,80	4,17	13,39	13,37	7,19	7,28
Navarra	4,61	4,52	11,07	11,08	8,37	8,72
País Vasco	4,34	4,33	9,46	9,78	8,74	8,98
A Rioxa	4,53	4,38	10,12	10,57	8,75	9,11
Ceuta	4,54	5,39	14,55	20,56	6,70	7,24
Melilla	5,95	7,35	16,74	19,49	6,77	6,61
<b>España</b>	<b>4,62</b>	<b>4,47</b>	<b>10,95</b>	<b>10,95</b>	<b>8,43</b>	<b>8,57</b>

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes  
(2) Os datos de 2007 son provisionais  
Fonte: INE, Movimiento Natural de la Población

1.5.7.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2006-07 (1)

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
A Coruña	4.776	5.024	8.985	9.091	11.403	12.484	-2.418	-3.393
Lugo	1.113	1.259	2.043	2.179	4.873	4.698	-2.830	-2.519
Ourense	1.147	1.449	2.039	2.068	4.671	4.603	-2.632	-2.535
Pontevedra	4.036	4.225	8.325	8.507	8.442	8.378	-117	129
<b>Total</b>	<b>11.072</b>	<b>11.957</b>	<b>21.392</b>	<b>21.845</b>	<b>29.389</b>	<b>30.163</b>	<b>-7.997</b>	<b>-8.318</b>
<b>España</b>	<b>203.453</b>	<b>203.697</b>	<b>482.975</b>	<b>491.183</b>	<b>371.478</b>	<b>384.442</b>	<b>111.497</b>	<b>106.741</b>

(1) Os datos de 2007 son provisionais  
Fonte: INE, Movimiento natural de la población

1.5.8.

Taxa (1) de mortalidade infantil en Galicia e España 2005-07

(2)

	2005	2006	2007
<b>Galicia</b>	<b>3,18</b>	<b>3,41</b>	<b>3,94</b>
A Coruña	3,86	3,56	5,94
Lugo	1,94	4,89	4,59
Ourense	1,57	2,94	3,87
Pontevedra	3,13	3,00	1,65
<b>España</b>	<b>3,78</b>	<b>3,53</b>	<b>3,67</b>

(1) mortalidade infantil por cada 1.000 nacementos  
(2) Ano 2007: datos provisionais  
Fonte: INE, Demografía y población

1.5.9.

**Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2005-06:  
distribución segundo C.A. de residencia**

	2006	2005
	<i>(Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos)</i>	
Andalucía	10,46	9,99
Aragón	11,85	10,92
Asturias	8,33	8,27
Baleares	14,00	12,57
Canarias	8,87	7,23
Cantabria	4,86	4,42
Castela - A Mancha	6,71	6,65
Castela e León	6,40	5,86
Cataluña	13,57	11,46
Comunidade Valenciana	9,92	9,10
Estremadura	5,19	5,26
<b>Galicia</b>	<b>4,40</b>	<b>4,43</b>
Madrid	14,18	12,81
Murcia	13,10	11,70
Navarra	5,31	5,21
País Vasco	5,99	5,42
A Rioxa	8,25	8,22
Ceuta e Melilla	2,66	3,25
<b>Total</b>	<b>10,62</b>	<b>9,60</b>

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo, Interrupción voluntaria del embarazo

### 1.5.10.

**Títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro 2007**

	categoria xeral	categoria especial	Total
A Coruña	6.838	403	7.241
Lugo	1.587	116	1.703
Ourense	1.363	139	1.502
Pontevedra	6.789	524	7.313
<b>Total</b>	<b>16.577</b>	<b>1.182</b>	<b>17.759</b>

Fonte: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

### 1.5.11.

cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos. Pola contra, no conxunto do Estado esta ratio aumenta dende as 9,60 interrupcións voluntarias en 2005 ata as 10,62 interrupcións rexistradas en 2006. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.5.10.**, Galicia presenta unha ratio número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla (2,66).

O número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2007 medrou de xeito importante respecto á mesma data do ano anterior, ascendendo ata os 17.759 títulos (775 títulos máis), dos que 16.577 son títulos de categoría xeral (746 títulos máis). Atendendo á súa distribución provincial, Pontevedra e A Coruña son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 7.313 e 7.241 títulos respectivamente, o que supón que ambas as dúas provincias acollen o 82% do total de títulos de familia numerosa en vigor.


#### Movements migratorios

O saldo migratorio en Galicia continuou coa súa tendencia crecente, acadando no derradeiro ano un valor positivo de 17.601. O **cadro 1.5.12.** indica que este saldo é resultado dun saldo positivo no caso das migracións co estranxeiro (19.039 movementos) e, a diferenza do acontecido en 2005, dun saldo negativo co resto do Estado (-1.438 movementos).

Os fluxos migratorios de persoas con idades comprendidas entre 25 e 44 anos representan o 49,1% do total de emigracións e o 46,9% das inmigracións. No caso das persoas



Evolución do saldo migratorio en Galicia 2000-06



Fonte: IGE, Movementos migratorios

1.5.12.

menores de 16 anos, estas porcentaxes sitúanse no 15,3% e 16,2%, respectivamente. Todos os grupos de idades, tanto no caso dos homes coma das mulleres, presentan, ao igual que en 2005, un saldo migratorio positivo.

Mentres que as provincias de A Coruña e Pontevedra acollen en torno ás tres cuartas partes dos fluxos, a provincia de Ourense é a que maior número de saídas ten por cada mil habitantes, con 40,2 emigracións (a media galega é de 32,0 saídas por cada mil habitantes), seguida de A Coruña, con 33,5 emigracións. No caso das entradas nos concellos galegos, Ourense e A Coruña presentan 45,6 e 40,3 saídas por cada mil habitantes, respectivamente.

Á hora de analizar os movementos residenciais consideraranse, en primeiro lugar, os fluxos migratorios producidos entre concellos galegos, para posteriormente centrarse nos fluxos coas outras comunidades españolas e os fluxos migratorios de Galicia fóra de España.

O número total de migracións internas (dentro da mesma comunidade autónoma) ascendeu en 2006 (último ano dispoñible) a 63.489, o que representa 22,9 migracións por cada mil habitantes. Entre as características destes fluxos migratorios cómpre salientar que as variacións residenciais dentro de Galicia se producen, na súa meirande parte, dentro da mesma provincia (81,8%).

No que atinxe ás características dos migrantes, tres de cada dez movementos migratorios corresponden a fluxos de idades entre 25 e 34 anos, relación que sería de setenta e cinco de cada cen no caso das idades comprendidas entre 16 e 64 anos. Os fluxos migratorios seguen caracterizándose no ano 2006 por un lixeiro maior protagonismo das mulleres, que representan o 51% das migracións. Esta porcentaxe segue sendo máis elevada no caso das persoas con máis de 65 anos, co 58,4%, e no das mulleres con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e 25 e 44 anos, ao representar o 55,9% e 52,3%, respectivamente.

Os fluxos migratorios co resto das comunidades autónomas presentan, a diferenza do acontecido en 2005, un saldo negativo. O número total de migracións cara ás outras CC.AA. ascendeu a 21.372, mentres que as procedentes outras comunidades autónomas acadou as 19.934. En relación aos saldos coas comunidades autónomas españolas, o **cadro 1.5.13.** reflicte que Galicia presenta un saldo positivo co País Vasco, Cataluña, Asturias, Castela e León e Castela-A Mancha.

Tanto no caso das saídas como das entradas, rexístrase un lixeiro predominio dos homes, xa que o 51,7% dos inmigrantes e o 52,1% dos emigrantes cara o resto do Estado

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

## Movements migratorios en Galicia 2005-06

	Emigracións		Inmigracións		Saldo migratorio	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
<b>Total</b>	81.521	88.770	98.366	106.371	16.845	17.601
<b>Migracións internas</b>	58.931	63.489	58.931	63.489		
A mesma provincia	48.560	51.939	48.560	51.939		
Á mesma comarca	26.731	28.577	26.731	28.577		
Outra comarca	21.829	23.362	21.829	23.362		
A outra provincia galega	10.371	11.550	10.371	11.550		
<b>Migracións externas</b>	22.590	25.281	39.435	42.882	16.845	17.601
<b>Resto de España</b>	19.509	21.372	19.602	19.934	93	-1.438
Andalucía	1.487	1.781	1.358	1.433	-129	-348
Aragón	387	419	350	389	-37	-30
Asturias	1.022	1.017	1.224	1.243	202	226
Balears	1.021	1.289	942	856	-79	-433
Canarias	3.945	3.813	3.635	3.320	-310	-493
Cantabria	296	295	297	275	1	-20
Castela e León	1.435	1.794	1.833	1.920	398	126
Castela-A Mancha	460	453	421	467	-39	14
Cataluña	2.820	2.782	2.796	3.100	-24	318
Extremadura	161	195	181	183	20	-12
Madrid	3.109	4.033	3.514	3.582	405	-451
Murcia	409	357	302	313	-107	-44
Navarra	260	250	191	183	-69	-67
C. Valenciana	1.535	1.714	1.030	1.228	-505	-486
País Vasco	953	905	1.297	1.247	344	342
A Ríoxa	150	182	145	127	-5	-55
Ceuta	25	34	45	29	20	-5
Melilla	34	59	41	39	7	-20
<b>Estranxeiro</b>	3.081	3.909	19.833	22.948	16.752	19.039

Fonte: IGE, Movements migratorios

## 1.5.13.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

son homes. A tendendo á distribución segundo idades, cómpre salientar o importante saldo negativo rexistrado nos grupos de idade comprendidos entre 16 e 34 anos. Asemade, mantense o predominio das mulleres no caso das persoas con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e sobre todo, de máis de 65 anos.

No ano 2006 non se producen cambios significativos en canto aos principais destinos e orixes destes fluxos migratorios co resto do Estado. Dunha banda, Canarias, Madrid e Cataluña seguen acollendo en torno á metade das saídas galegas cara o resto de España e das inmigracións procedentes do resto do Estado.

Doutra, ao igual que para o conxunto de Galicia, en A Coruña e Pontevedra as devanditas tres comunidades autónomas son o principal destino e orixe destes fluxos migratorios. Pola contra, Cataluña e Madrid son as comunidades que presentan un maior peso dos fluxos migratorios de entrada e de saída en Lugo e Ourense, seguidas de Asturias no primeiro caso e de Castela e León, en Ourense.

No que atinxe ao número de movementos migratorios co estranxeiro, un total de 22.948 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia e 3.909 persoas residentes en municipios galegos deixaron estes concellos para ir ao estranxeiro. Comparado co ano anterior, o **cadro 1.5.13.** amosa unha medra tanto das inmigracións procedentes do estranxeiro como das saídas de Galicia, rexistrándose unha forte medra do saldo migratorio positivo, que acada un valor de 19.039.

En Galicia o 26,1% das inmigracións procedentes do estranxeiro son de nacionalidade española (5.986 persoas), mentres no conxunto do Estado, esta porcentaxe é tan só do 4,5%. No último ano, Galicia acolle o 15,8% das entradas de españois procedentes do estranxeiro, situándose coma a terceira comunidade autónoma, tras Madrid e Cataluña, que recibe máis españois procedentes do estranxeiro (18,7% e 16,5%, respectivamente).

Fronte ao elevado peso relativo da inmigración estranxeira de nacionalidade española no conxunto do Estado (15,8%), a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2,1%. No concernente ás inmigracións de estranxeiros, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido no caso das inmigracións de persoas de nacionalidade española, existe un maior protagonismo por parte das mulleres. No que atinxe ás inmigracións de

Movements migratorios en Galicia 2006: distribución segundo provincias

	Emigracións				Inmigracións			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Total</b>	37.986	9.702	13.557	27.525	45.630	11.799	15.356	33.586
<b>Migracións internas</b>	28.070	6.704	9.841	18.874	28.904	6.405	9.401	18.779
A mesma provincia	24.676	4.554	7.513	15.196	24.676	4.554	7.513	15.196
A outra provincia galega	3.394	2.150	2.328	3.678	4.228	1.851	1.888	3.583
<b>Migracións externas</b>	9.916	2.998	3.716	8.651	16.726	5.394	5.955	14.807
<b>Resto de España</b>	8.291	2.676	3.015	7.390	7.823	2.808	2.911	6.392
Andalucía	864	151	159	607	637	172	113	511
Aragón	165	51	46	157	169	48	47	125
Asturias	382	322	92	221	470	435	98	240
Balears	507	106	126	550	375	65	85	331
Canarias	1.521	298	339	1.655	1.410	197	249	1.464
Cantabria	117	59	41	78	106	33	25	111
Castela e León	511	274	436	573	629	259	440	592
Castela-A Mancha	169	74	58	152	181	44	87	155
Cataluña	1.037	450	470	825	1.012	667	643	778
Extremadura	81	17	31	66	86	19	20	58
Madrid	1.546	484	664	1.339	1.505	500	474	1.103
Murcia	199	48	32	78	176	33	31	73
Navarra	72	32	54	92	63	21	38	61
C. Valenciana	676	159	217	662	469	135	203	421
País Vasco	337	127	197	244	458	156	328	305
A Ríoxa	56	21	44	61	48	12	24	43
Ceuta	15	1	6	12	10	6	2	11
Melilla	36	2	3	18	19	6	4	10
<b>Estranxeiro</b>	1.625	322	701	1.261	8.903	2.586	3.044	8.415

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.14.

Inmigracións 2006: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

	Homes					
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa		Do estranxeiro
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		
<b>Total</b>	53.029	31.091	25.429	5.662	21.938	11.632
<b>&lt; 16 anos</b>	8.806	5.365	4.563	802	3.441	1.908
<b>16 - 24 anos</b>	6.131	3.225	2.680	545	2.906	1.908
<b>25 - 34 anos</b>	15.261	9.035	7.323	1.712	6.226	2.955
<b>35 - 44 anos</b>	9.985	5.948	4.821	1.127	4.037	2.047
<b>45 - 54 anos</b>	5.090	3.041	2.505	536	2.049	1.090
<b>55 - 64 anos</b>	3.647	1.956	1.563	393	1.691	960
<b>Maiores 65 anos</b>	4.109	2.521	1.974	547	1.588	764

	Mulleres					
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa		Do estranxeiro
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		
<b>Total</b>	53.342	32.398	26.510	5.888	20.944	11.316
<b>&lt; 16 anos</b>	8.388	5.026	4.301	725	3.362	1.901
<b>16 - 24 anos</b>	7.431	4.080	3.385	695	3.351	2.133
<b>25 - 34 anos</b>	15.943	9.915	8.036	1.879	6.028	2.943
<b>35 - 44 anos</b>	8.727	5.517	4.497	1.020	3.210	1.651
<b>45 - 54 anos</b>	4.448	2.658	2.202	456	1.790	1.062
<b>55 - 64 anos</b>	3.214	1.664	1.328	336	1.550	933
<b>Maiores 65 anos</b>	5.191	3.538	2.761	777	1.653	693

	Total					
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa		Do estranxeiro
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		
<b>Total</b>	106.371	63.489	51.939	11.550	42.882	22.948
<b>&lt; 16 anos</b>	17.194	10.391	8.864	1.527	6.803	3.809
<b>16 - 24 anos</b>	13.562	7.305	6.065	1.240	6.257	4.041
<b>25 - 34 anos</b>	31.204	18.950	15.359	3.591	12.254	5.898
<b>35 - 44 anos</b>	18.712	11.465	9.318	2.147	7.247	3.698
<b>45 - 54 anos</b>	9.538	5.699	4.707	992	3.839	2.152
<b>55 - 64 anos</b>	6.861	3.620	2.891	729	3.241	1.893
<b>Maiores 65 anos</b>	9.300	6.059	4.735	1.324	3.241	1.457

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.15.

## Emigracións 2006: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

Homes							
Total	Emigración interna			Emigración externa			
	A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro		
Total	44.166	31.091	25.429	5.662	13.075	11.133	1.942
< 16 anos	7.030	5.365	4.563	802	1.665	1.456	209
16 - 24 anos	5.144	3.225	2.680	545	1.919	1.687	232
25 - 34 anos	13.733	9.035	7.323	1.712	4.698	4.106	592
35 - 44 anos	8.284	5.948	4.821	1.127	2.336	2.002	334
45 - 54 anos	4.198	3.041	2.505	536	1.157	937	220
55 - 64 anos	2.597	1.956	1.563	393	641	467	174
Maiores 65 anos	3.180	2.521	1.974	547	659	478	181

Mulleres							
Total	Emigración interna			Emigración externa			
	A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro		
Total	44.604	32.398	26.510	5.888	12.206	10.239	1.967
< 16 anos	6.524	5.026	4.301	725	1.498	1.299	199
16 - 24 anos	6.102	4.080	3.385	695	2.022	1.740	282
25 - 34 anos	14.307	9.915	8.036	1.879	4.392	3.761	631
35 - 44 anos	7.285	5.517	4.497	1.020	1.768	1.493	275
45 - 54 anos	3.523	2.658	2.202	456	865	677	188
55 - 64 anos	2.253	1.664	1.328	336	589	417	172
Maiores 65 anos	4.610	3.538	2.761	777	1.072	852	220

Total							
Total	Emigración interna			Emigración externa			
	A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro		
Total	88.770	63.489	51.939	11.550	25.281	21.372	3.909
< 16 anos	13.554	10.391	8.864	1.527	3.163	2.755	408
16 - 24 anos	11.246	7.305	6.065	1.240	3.941	3.427	514
25 - 34 anos	28.040	18.950	15.359	3.591	9.090	7.867	1.223
35 - 44 anos	15.569	11.465	9.318	2.147	4.104	3.495	609
45 - 54 anos	7.721	5.699	4.707	992	2.022	1.614	408
55 - 64 anos	4.850	3.620	2.891	729	1.230	884	346
Maiores 65 anos	7.790	6.059	4.735	1.324	1.731	1.330	401

Fonte: IGE, Movementos migratorios

1.1.  
1.2.  
1.3.  
1.4.  
1.5.  
1.6.  
2.1.  
2.2.  
2.3.  
3.1.  
3.2.  
3.3.  
3.4.  
3.5.  
3.6.  
4.1.  
4.2.

## 1.5.16.

## Inmigracións de retorno ao concello de nacemento 2005-06: distribución segundo tipo de migración

	2005				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.369	1.870	2.910	5.553	17.702
Inmigración interna	4.753	1.257	1.713	3.118	10.841
Da mesma provincia	4.329	868	1.327	2.630	9.154
Doutra provincia	424	389	386	488	1.687
Inmigración externa	2.616	613	1.197	2.435	6.861
Doutra C.A.	1.742	512	729	1.802	4.785
Do estranxeiro	874	101	468	633	2.076
	2006				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.751	2.089	3.412	5.686	18.938
Inmigración interna	5.163	1.407	2.247	3.287	12.104
Da mesma provincia	4.680	936	1.723	2.804	10.143
Doutra provincia	483	471	524	483	1.961
Inmigración externa	2.588	682	1.165	2.399	6.834
Doutra C.A.	1.689	535	771	1.720	4.715
Do estranxeiro	899	147	394	679	2.119

Fonte: IGE, Movementos migratorios

## 1.5.17.

persoas de nacionalidade estranxeira, en 2006 as mulleres representan o 50,3%, en tanto que no caso das inmigracións por parte de españois, esta porcentaxe era do 46,4%.

En relación aos países de procedencia, os catro países máis importantes en canto ao número de inmigracións son Brasil, con 2.782, Portugal, con 1.980 migracións, Suíza, con 1.767 e Venezuela, con 1.444 migracións. No que atinxe ás inmigracións de persoas con nacionalidade española, as máis numerosas seguen sendo as procedentes de Suíza e Venezuela, en tanto que no caso da nacionalidade estranxeira, os primeiros países de procedencia continúan sendo Brasil e Portugal.

No concernente á distribución por idades das inmigracións do estranxeiro, o **cadro 1.5.15.** reflicte o predominio das inmigracións das persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que supoñen o 25,7% do total destes fluxos migratorios (tres puntos porcentuais e medio inferior ao peso relativo correspondente ao número total de inmigracións) e entre 16 e 24 anos, que representan o 17,6% do total destes movementos (12,7% no caso do volume total de inmigracións).

A diferenza do que acontece coas inmigracións, 2006 rexistra un lixeiro predominio das emigracións das mulleres cara ao estranxeiro, xa que dos 3.909 movementos migratorios cara ao exterior acontecidos nese ano, 1.967 corresponderon a mulleres e as 1.942 restantes a homes. Esta situación ven como resultado do maior peso relativo das mulleres no caso das persoas con idades comprendidas entre 16 e 34 anos e das maiores de 65 anos.

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar aos fluxos migratorios é o das inmigracións de retorno ao concello de nacemento. A diferenza do acontecido en anos anteriores, estes fluxos medraron no ano 2006 (último dato dispoñible) un 7% respecto ao ano anterior, situándose nos 18.938 movementos, dos que 12.104 corresponden á inmigración interna e 6.834, á inmigración externa.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que acollen o maior número de inmigracións e retorno, con 7.751 e 5.686 fluxos migratorios, o que representa o 71% do conxunto destas migracións. Comparado co acontecido no ano anterior, todas as provincias galegas presentan un incremento do volume total de inmigracións de retorno, destacando, en termos relativos, Ourense e Lugo con incrementos do 17,3 (502 inmigracións máis) e 11,7% (819 inmigracións de retorno máis), respectivamente.

A provincia de Ourense presenta unha medra do volume de inmigración interna, tanto da procedente de concellos da mesma provincia coma doutras provincias superior ao 30%. Por contra, Pontevedra, que experimenta o menor incremento, rexistra unha caída do 1% das inmigracións de retorno procedentes doutras provincias.

En canto ás inmigracións de retorno procedentes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, estas descenderon en conxunto un 0,4% ata acadar as 6.834 migracións no ano 2006. A diferenza do ano anterior, descenden as migracións procedentes doutras comunidades autónomas (-1,5%), medrando os fluxos migratorios procedentes do estranxeiro (2,1%). Como reflicte o **cadro 1.5.17.**, tan só Lugo experimentou unha medra do número de inmigracións de retorno, producíndose este incremento tanto no caso dos procedentes do resto do Estado como do estranxeiro. O descenso experimentado nas provincias de A Coruña e Pontevedra ven explicado pola caída das inmigracións de retorno procedentes doutras CC.AA., en tanto que no caso de Ourense, este se debe á caída producida no caso das inmigracións procedentes do estranxeiro. ■

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.**
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.